

## POLÍTICA DE CALIDADE E AMBIENTAL DO GRUPO EUSKALTEL

O Grupo Euskaltel desenvolve a súa actividade como grupo de telecomunicacións, ofrecendo os seus servizos enfocados á máxima xeración de valor e satisfacción de todas as partes interesadas, sobre a base do desenvolvemento sustentable e do coidado e protección do medio ambiente.

O Grupo Euskaltel define a súa política de Calidade e Ambiental conforme ao seu Sistema de Xestión, desde un enfoque de empresa comprometida coa sociedade e coa súa contorna.

Con esta política, adquirimos o compromiso de mellorar continuamente os nosos produtos, servizos e formas de traballo, e o propio sistema de xestión para mellorar o noso desempeño en todos os ámbitos. No Grupo Euskaltel comprometémonos:

- Ao cumprimento da lexislación, regulamentación e outros requisitos que nos sexan de aplicación, así como doutros compromisos que subscribamos no desenvolvemento do Sistema de Xestión.
- A manter unha actitude de proximidade e escoita permanente do mercado e resto de grupos de interese que nos permita identificar e realizar as propostas de valor necesarias para cubrir da maneira máis enriquecedora posible as súas expectativas e necesidades.
- Á protección do ambiente, a combater o cambio climático e á prevención da contaminación, así como a despregar políticas para reducir o impacto ambiental das actividades da compañía.
- A inclusión das consideracións ambientais e mellores prácticas nas decisións e procesos de negocio, favorecendo o uso responsable de recursos e trasladando os seus principios a toda a cadea de valor.
- A despregar un sistema de xestión baseado no desenvolvemento sustentable: económico, ambiental e social.
- A que as nosas actuacións estean aliñadas cos valores establecidos na compañía.
- A despregar uns obxectivos en todos os ámbitos aplicables que sexan coherentes con esta política e a revisalos e adaptalos periodicamente.
- Ao impulso da innovación internamente e cara ao mercado e á utilización das tecnoloxías máis apropiadas en cada momento para o cumprimento da nosa misión.
- O fomento a formación e sensibilización, encamiñadas a concienciar e responsabilizar todo o persoal en materia de calidade, satisfacción e atención ao cliente e protección do medio ambiente.

Esta política aplícase a todas as nosas actividades, produtos e servizos, en todos os nosos lugares de traballo; é difundida a toda a organización e ponse a disposición dos nosos clientes, accionistas, partes interesadas e público en xeral, sendo revisada periodicamente, asegurando así que é apropiada para o Grupo Euskaltel en cada momento.



**D. José Miguel García Fernández**

*Conselleiro Delegado*